



BASES DE PARTICIPACIÓN DO CONCURSO “VENTE COS REIS MAGOS 2015-16”

(Aprobadas pola Xunta de Goberno local na súa sesión ordinaria do 20 de novembro de 2015)

- 1.** O obxecto deste concurso é seleccionar a corenta nenas e nenos para acompañar os Reis Magos, na Cabalgata de Reis, que terá lugar na nosa cidade o día 5 de xaneiro de 2016. As/os nenas/os serán repartidos en grupos de dez nas tres carrozas reais e unha do Carteiro Real.
- 2.** Neste concurso poderán participar todas/os nenas e nenos da cidade que o desexen; a única limitación por motivos de seguridade será a idade: só poderán participar aqueles nados entre o 1 de xaneiro de 2003 e o 31 de decembro de 2007, ambos inclusive. Así mesmo, as nenas e nenos seleccionados en edicións anteriores non poderán tomar parte neste concurso.
- 3.** Para participar só será necesario cubrir o boletín de inscrición que poderán recoller na oficina de Información da Lonxa da Casa do Concello. Só se aceptará un boletín por nena/o, sendo eliminados do concurso aqueles que presenten máis dun.
- 4.** As inscricións depositaranse nas caixas de correos do Carteiro real que se instalarán na Lonxa da Casa do Concello e nos Centros cívicos de Teis, Casco Vello, Coruxo e Saiáns. O prazo de inscrición comezará o día 1 de decembro e finalizará ás 20:00 horas do día 16 de decembro de 2015.
- 5.** O sorteo realizarase o día 22 de decembro de 2015, ás 12:00 horas, na Casa do Concello.
- 6.** No sorteo, ademais dos nenas e nenos seleccionadas/os, sacaranse un total de doce suplentes para cubrir posibles baixas ou renuncias.
- 7.** Os pais, nais ou titores das nenas e dos nenos agraciados no sorteo deberán, tras a comunicación da Concellaría de Festas e Turismo, asinar a pertinente autorización e acreditar, mediante a presentación do libro de familia, non só a idade senón, a paternidade ou maternidade, ou tutoría, no seu caso. De ser o caso, poderán asinar a renuncia.
- 8.** O Concello de Vigo ofrecerá ás nenas e aos nenos seleccionados un disfraz, que entregarán unha vez finalizada a cabalgata.
- 9.** O Concello de Vigo disporá dunha póliza que cubra a responsabilidade civil polos danos que as nenas ou nenos puidesen sufrir ou provocar con ocasión desta acción.
- 10.** A concelleira de Festas queda facultada para resolver as posibles eventualidades que poidan xurdir no desenvolvemento deste concurso e que non estean previstas nestas bases.